



Encontro dos centros escolares do Plan de mellora de bibliotecas escolares 2015/2016

Relatorios 07/04/2016

Sesión da mañá

Biblioteca e educación: o reto permanente

Mónica Baró. Licenciada en Historia, diplomada en Biblioteconomía e documentación. Doutora en Documentación e posgraduada en Edición. Profesora na Facultade de *Biblioteconomía i Documentació* da Universidade de Barcelona.

Experta no ámbito das bibliotecas escolares, primeiro como profesional e logo como divulgadora. Neste campo ten publicados distintos artigos e algunhas obras como *Formar-se per informar-se. La integració de la biblioteca a l'escola*. Ed. 62/RosaSensat; *Bibliotecas escolares ¿para qué?*. Anaya, 2001. Tamén ten participado nalgúns estudos como *Las bibliotecas escolares en España. Análisis y recomendaciones*, da Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2005; *Bibliotecas escolares entre comillas. Estudio de casos: buenas prácticas en la integración de la biblioteca en los centros educativos*. MEC/Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2010; *Bibliotecas escolares ¿entre interrogantes? Herramienta de autoevaluación. Preguntas e indicadores para mejorar la biblioteca*, MEC/Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2011, e máis recentemente *Las bibliotecas escolares en España. Dinámicas 2005-2011*, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a Fundación Germán Sánchez Ruipérez, en 2013. Como asesora do Programa Punteo de bibliotecas escolares do Departament d'Ensenyament da Generalitat de Catalunya, participou na recente edición das *Directrius i estàndards per a lles biblioteques dels centres educatius de Catalunya*, de 2013. Simultaneamente, dedicouse ao estudo da edición de libros infantís no século XX, que foi obxecto da súa tese doutoral (*Las ediciones infantiles e juveniles de Editorial Juventud, 1923-1969*).

Cales son os retos que afronta a biblioteca neste momento, marcado pola presenza do dixital e os cambios da metodoloxía docente? Neste contexto, a biblioteca ten un papel clave, á marxe do xa tradicional fomento da lectura, que a converte nun axente docente de primeira orde, e, á vez, nunha facilitadora do cambio pedagóxico.

Mesa de experiencias : Unha biblioteca para a sociedade da información – I

- *Explorando o papel da biblioteca escolar nun centro de ensino post-obrigatorio.*
Eugenia García Canle . IES Universidade Laboral (Culleredo, A Coruña)
- *A biblioteca do Porviro.* **Mercedes Buján Mirás** . CPI dos Dices (Rois, A Coruña)

Sesión da tarde

Mesa de experiencias : Unha biblioteca para a sociedade da información – II

- *A biblioteca escolar nun centro de primaria.*
Juana M. Vázquez Silva. CEIP Ramón de la Sagra (A Coruña)
- *Campañas de animación. Organización das actividades da biblioteca en torno a un eixe temático.*
Mª Isidora Gil González. IES Celanova Celso Emilio Ferreiro (Celanova, Ourense)

Asesoría de Bibliotecas Escolares. Consellería de Cultura, Educación e O.U.

Plan de mellora de bibliotecas escolares. Centros de nova incorporación.

As bibliotecas do PLAMBE, unha rede en construción. O Plan LIA (Lectura, Información e Aprendizaxe) acollendo as bibliotecas escolares e a lectura en contexto educativo. Documentos de referencia para responsables de biblioteca; normativa, convocatoria, presentación de memoria, liñas prioritarias. Retos e debilidades, realidade e posibilidades, optimización de recursos e prioridades. Un repaso pola situación actual.

Criterios para a selección de lecturas na biblioteca escolar

Gemma Lluch. Profesora Titular do *Departament de Filologia Catalá da Facultat de Filologia, Traducció i Comunicació* na Universidade de Valencia. Doutora en Filoloxía e Premio Extraordinario de Doutoramento. Imparte docencia no grao de *Filologia Catalá* e en diferentes másteres.

Ten publicado máis de cen traballos de investigación contabilizando artigos, capítulos de libros e monografías. Destacamos os publicados en revistas como **Caplletra, O Profesional da Información, Ocnos, Revista Articles, Quaderns de Filologia** etc. Así mesmo publicou trece libros completos (Trea, Anthropos, Editorial Norma, Abadia de Montserrat, Octaedro, Fundación Sánchez Ruipérez, etc.) e cinco como editora.

Participou en sete proxectos de investigación, actuando en dous deles en calidade de investigadora principal, e en catro contratos de investigación con institucións.

No ano 2015 publicou xunto con Felipe Zayas *Leer en el centro escolar. El plan de lectura*. Barcelona: Octaedro.

Posiblemente, unha das cuestións que máis dúbidas pode causar a un docente, a un bibliotecario ou un xestor de políticas públicas ten que ver coa selección da lectura adecuada para cada lector e tamén para cada momento lector e para cada contexto e obxectivo.

Relatorios 08/04/2016

Sesión da mañá

Proxecto lector de centro desde a biblioteca escolar

Gemma Lluch

Ser lector competente é imprescindible na actualidade para satisfacer necesidades persoais, actuar como cidadáns responsables, alcanzar os obxectivos académicos, lograr a cualificación profesional e seguir aprendendo ao longo da vida.

A competencia lectora inclúe destrezas moi complexas que até hai varias décadas eran logradas unicamente por unha minoría da poboación e que na actualidade constitúen un obxectivo básico en todos os niveis escolares. A magnitude deste obxectivo incita a promover, nos centros, plans de lectura que impliquen a toda a comunidade educativa.

12,15 h. - MESAS DE EXPERIENCIAS E RECURSOS

Sala Santiago	<i>Cultura y uso de la información: desde la biblioteca, mejor.</i> <i>As novas formas de acceso á información supoñen un novo reto para a escola e para as bibliotecas escolares. Coñecer o ecosistema da información e da documentación, saber identificar as necesidades de información, saber buscar, encontrar e utilizar esta información é hoxe unha necesidade ineludible para todos.</i>	<i>Mónica Baró</i>
Sala Obradoiro (400 persoas)	<i>Traballos por proxectos e biblioteca escolar</i>	<i>Mesa 1</i> <i>Rus entre planetas: montemos un planetario.</i> Diego A. López Rodríguez. CEIP Canosa-Rus(Coristanco, A Coruña) <i>Traballo por proxectos e educación documental.</i> Begoña Otero Riobó. IES Monte Carrasco (Cangas, Pontevedra)

Sala 8 (70 persoas)	Biblioteca, base de exploracións - I	Mesa 2 <i>Explorando mundos a través da arte</i> Miriam Area Rodríguez . CEIP da Torre-Cela (Bueu, Pontevedra) <i>A biblioteca, espazo de cultura e participación</i> Mª Carmen López Guerra. IES Xermán Ancochea Quevedo (Pobra de Trives, Ourense)
Sala 10 (70 persoas)	Competencias dixitais imprescindibles para o responsable da biblioteca escolar	Xosé Luís Barreiro. Asesoría de bibliotecas escolares
Sala 14 (140 persoas)	Biblioteca, base de exploracións - II	Mesa 3 <i>Viaxe no tempo: o traballo por proxectos dende a biblioteca escolar</i> Rosa Iglesias Prieto. CEIP A Rúa (Cangas, Pontevedra) <i>Na procura de exploradores</i> Asunción Carballo Rodríguez. CPI Manuel Suárez Marquier (O Rosal, Pontevedra)
Sala 25 (140 persoas)	Biblioteca, espazo de lecturas	Mesa 4 <i>Biblioteca, espazo de lecturas</i> Covadonga Rodríguez Argüelles. CEP Xosé Mª Brea Segade (Taragoña-Rianxo, A Coruña) <i>Ler, escribir, formarse, disfrutar.</i> Miguel Cumbranos Álvarez. IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Sarria, Lugo)

Sesión da tarde

16,15 h. FALAMOS DE...		
SALAS	Temática	Intervención e coordinación
Sala Santiago	Contar a ciencia <i>A narración oral, os contos de tradición, aprendéronnos desde antes de que houbera escritura, quen somos e como é o mundo que nos rodea. E porén, abandonamos, no relato do científico, as ensinanzas dos griots, bululús, matronas e contadores, que durante milenios destilaron técnicas eficaces para que non se esquecese o que non debía ser esquecido, para que se comprendese o que debía ser comprendido. Nesta charla invito a pór en valor a narración oral como vehículo para a educación científica.</i>	Eduardo Sáenz de Cabezón Doutor en matemáticas. Profesor na Universidade de La Rioja. Divulgador científico. Fundador do grupo <i>The Big Van Theory</i> de monoloxistas científicos. Gañador do I Certame de Monólogos Científicos FameLab na edición española, no ano 2013.
Sala Obradoiro (400 persoas)	A biblioteca escolar nalgunhas propostas desde a aula de Ciencias Sociais <i>Presentación de experiencias nas que o tratamento da información e a lectura necesitan, nótrense e nutren a biblioteca do centro. E formulación dos problemas propios do labor docente cuxa resolución na aula obriga a mirar dunha determinada maneira a biblioteca escolar.</i>	Ana Bernal Macaya Profesora de Xeografía e Historia no IES Julio Caro Baroja (Pamplona). Foi responsable do programa de bibliotecas escolares do Departamento de Educación do Goberno de Navarra.
Sala 8 (70 persoas)	Casuística Meiga e solucións	Begoña López Soto IES Fernando Esquío (Neda)

Sala 10 (70 persoas)	Unha biblioteca adaptada a centros específicos: CIFP, CMUS, CEE, EOI, EPA...	<i>O reto da adaptación ao usuario na biblioteca escolar</i> Eugenia García Canle IES Universidade Laboral (Culleredo, A Coruña)
Sala 14 (140 persoas)	Os audiovisuais, a educación mediática e a biblioteca escolar	<i>Vídeo documental para achegarse a autores e obras</i> Luis Gómez Aldegunde CPI dos Dices (Rois, A Coruña) <i>O audiovisual para tod@s: Ferramentas e recursos para comezar e continuar</i> Xosé Manuel Durán Graña IES As Barxas (Moaña, Pontevedra)
Sala 25 (140 persoas)	Investigación e tratamento da información. Materia de libre configuración.	<i>Investigación e tratamento da información no IES Sofía Casanova.</i> Ana Seco Orosa IES Sofía Casanova (Ferrol, A Coruña) <i>E se empezamos ben?</i> M^a Isabel Vázquez Rosales CEIP de Quintela (Moaña, Pontevedra) M^a Olga Rodríguez Díaz CEIP Milladoiro (Malpica, A Coruña)

Conferencia final: *Rede de Bibliotecas Escolares: 20 anos a construír o futuro*

María Manuela Silva. Coordinadora da Rede de Bibliotecas Escolares de Portugal.

Licenciada en Historia pola Facultade de Letras da Universidade de Lisboa.

Integrante Curricular do Mestrado em Educação e Leitura, FPCE-UL; Integrante Curricular do Mestrado em História Social Contemporânea, ISCTE-IUL; Curso de Especialização em Ciências Documentais, variante de Documentação e Biblioteca, FLUL.

Profesora no Ensino Secundario de 1980 a 1998. Técnica superior no Gabinete da Rede de Bibliotecas Escolares, desde 1998.

Formadora na área da lectura, da alfabetización para a información e na organización de bibliotecas escolares.

A rede de Bibliotecas Escolares de Portugal, que celebra o seu vigésimo aniversario, tem procurado antecipar as respostas aos desafios que permanentemente se colocam à escola e aos professores, exigindo novas atitudes baseadas em práticas colaborativas, em estratégias diversificadas de aprendizagem, no uso de recursos documentais em diferentes suportes, na criatividade e na inovação.

É sabido que o presente, pautado pela avalanche e multiplicidade de informação, de instrumentos de acesso e de produção obrigam a aquisição de novas capacidades leitoras, promovidas de forma integrada, em ambiente escolar, de modo a formar bons leitores, críticos e capazes de exercer a sua plena cidadania.

Monólogo a cargo de Eduardo Sáenz de Cabezón

<http://www.edu.xunta.es/web/cafi/761>



centro autonómico
de formación e innovación

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>

